

ASUNTO PLE/2023/00003444E

ACTA NÚM. 1 - SESIÓN ORDINARIA 26 DE XANEIRO DE 2023

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **26 de xaneiro de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Prol Mariño

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro

Concelleiro non adscrito:

Don José Javier Fernández Martínez.

Don Juan Ramón González Carnero, interventor municipal.

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro, Don José Manuel Pichel Patiño

ORDE DO DÍA:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00003444E.

Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2022.

2. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00003440H.

Toma de coñecemento da renuncia de don José Manuel Pichel Patiño ao cargo de concelleiro.

3. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para aumentar as axudas para a rehabilitación de edificios coa instalación de ascensores e os ámbitos para a súa aplicación.

4. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para impulsar un plan de formación en xestión e captación de financiamento para conquistar o fortalecemento do tecido cultural asociativo.

5. Proposición presentada polo grupo municipal de CA sobre o Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3).

6. Proposición presentada polo grupo municipal do PP sobre medidas para o fomento dos vehículos eléctricos no termo municipal.

7. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para consensuar coa veciñanza o Plan especial do Camiño Francés, crear unha oficina de rehabilitación e unha liña de axudas para actuacións nese ámbito.

8. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para corrixir o desnivel da estrada na antiga N-634 no núcleo de Lavacolla.

9. Dar conta de resolución da alcaldía de data 18 de xaneiro de 2023, de delegación de funcións.

10. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

11. Solicitude de CA de comparecencia do alcalde.

12. Solicitude do PP de comparecencia do concelleiro responsable do contrato de alugueiro dun inmovible no parque empresarial da Sionlla.

13. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelación:

1. Formulada polo PP en relación á Vía Verde.
2. Formulada polo BNG sobre a crise do goberno local.
3. Formulada por CA sobre a contratación dun local.

Rogos:

1. Formulado polo BNG para arranxar o ascensor e os aseos públicos da Praza de Abastos.

2. Formulado polo BNG para dotar dunha zona de aparcamento temporal en Rodrigo de Padrón para a veciñanza da zona histórica.
3. Formulado polo PP para executar melloras no Polígono do Tambre.
4. Formulado polo PP para a instalación dun valo protector na área de xogos infantís do parque de Vista Alegre.
5. Formulado polo PP para estudar a posibilidade de habilitar prazas de aparcamento expres nas proximidades das oficinas de farmacia.
6. Formulado polo BNG para reordenar o tráfico e impulsar zonas de aparcadoiro no CEIP Apóstolo Santiago.
7. Formulado por CA para que se dote de abastecemento de auga ao lugar da Veiga en Santa Lucía.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada por CA sobre a publicación do informe da cultura municipal.
2. Formulada polo PP sobre devolucións de cantidades indebidamente cobradas por non aplicar bonificacións.
3. Formulada polo PP sobre a situación do proxecto para a mellora da mobilidade e accesibilidade entre as Fontiñas e Sar e novo viario entre a rúa do Sandino e cidade da cultura.
4. Formulada polo PP sobre os motivos da paralización das obras de rehabilitación do Palacete do Espiño.
5. Formulada polo BNG sobre o mantemento das instalacións de skate no Parque Trasparlamento e a demora das novas pistas en Conxo-Sta. Marta.
6. Formulada polo BNG sobre publicación de axudas para profesionais e asociacións culturais, clubs deportivos e organizacións non gubernamentais neste 2023.
7. Formulada por CA sobre verquidos que se producen en Mourentán.
8. Formulada por CA sobre o funcionamento da Policía de barrio.

Preguntas resposta escrita:

1. Formulada por CA sobre o control da calidade do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria.
2. Formulada polo PP en relación as datas nas que estiveron en funcionamento os radares de Conxo e Restallal.
3. Formulada polo BNG sobre o arranxo do camiño de Requesende.
4. Formulada polo BNG sobre actividade empresarial no núcleo de Formarís.

14. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo PP para transparentar a xestión da “liña verde”.
2. Presentada por CA para a creación dunha oficina municipal da enerxía, que promocióne as comunidades enerxéticas locais e outras medidas de índole enerxético en Santiago.
3. Presentada por CA para impulsar unha nova convocatoria das residencias escénicas municipais.
4. Presentada polo BNG para apoiar a manifestación do 12 de febreiro en defensa da sanidade pública e as demandas da iniciativa lexislativa popular da Plataforma SOS sanidade pública.
5. Presentada polo BNG para reorganizar o servizo de axuda no fogar e garantir os dereitos laborais das traballadoras.
6. Presentada polos grupos municipais do BNG, de CA e PSdeG-PSOE para adoptar medidas de apoio para familias acolledoras de cara á protección da infancia.
7. Presentada polo PP para o estudo, deseño e execución dunha nova rotonda da rúa do Hórreo.

8. Presentada polo PP para instar á Deputación a rematar coa maior celeridade a 1ª fase da estrada DP7802 Roxos-Reborido e a redactar o proxecto da 2ª fase.
9. Presentada por CA sobre a reclamación do cumprimento das demandas e o acordo de condicións sociolaborais das traballadoras do SAF.

Antes de comezar co estudo dos asuntos incluídos na orde do día teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona Carmen Dourado, en relación á moción que figura na orde do día da sesión sobre a adopción de medidas de apoio ás familias acolledoras.

Dona Tatiana Fraga, en relación á proposición que figura na orde do día relativa ao Plan especial do Camiño Francés.

Dona Soledad García, en relación á moción que trata do servizo de axuda no fogar.

A continuación sométese á votación a declaración de urxencia de moción presentada por CA con carácter urxente, e o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda incluír a seguinte moción urxente:

Moción de urxencia presentada por CA en defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e pola reforma da lei do aborto.

A continuación pásase ao estudo dos asuntos da orde do día.

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00003444E.

Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2022.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes aproba a acta correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de decembro de 2022.

2. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00003440H.

Toma de coñecemento da renuncia de don José Manuel Pichel Patiño ao cargo de concelleiro.

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

Don José Manuel Pichel Patiño comunicou o 19 de xaneiro de 2023 a súa renuncia ao cargo de concelleiro da Corporación Municipal.

De acordo co establecido nos artigos 15.2, 19.1 I) e 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, o artigo 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e máis a Instrución da Xunta Electoral Central de data 10 de xullo de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais, procede tomar coñecemento da súa renuncia ao cargo e solicitarlle á Xunta Electoral Central a expedición da credencial de concelleiro a favor do seguinte candidato.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro da Corporación Municipal de Santiago de Compostela efectuada por don José Manuel Pichel Patiño.

Segundo. Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de expedición da credencial acreditativa da condición de concelleiro electo a favor do candidato que corresponda, facendo constar que se propón o nomeamento da candidata dona María Begoña Rodríguez Rodríguez.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

Primeiro. Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro da Corporación Municipal de Santiago de Compostela efectuada por don José Manuel Pichel Patiño.

Segundo. Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de expedición da credencial acreditativa da condición de concelleiro electo a favor do candidato que corresponda, facendo constar que se propón o nomeamento da candidata dona María Begoña Rodríguez Rodríguez.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA AUMENTAR AS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS COA INSTALACIÓN DE ASCENSORES E OS ÁMBITOS PARA A SÚA APLICACIÓN

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os problemas de moitas persoas maiores e/ou con dificultades de mobilidade para accederen ás súas vivendas pola falta de ascensores é un tema xa coñecido. As declaracións de Áreas de Rehabilitación Integral, con axudas específicas para a mellora da accesibilidade e da eficiencia enerxética, e os Estudos de Detalle que posibilitan ocupacións do espazo público, son instrumentos fundamentais para darlle unha solución a estas situacións, se ben segue sendo necesaria unha maior dotación de fondos por parte da Xunta e do Goberno central.

No anterior mandato impulsáronse os Estudos de Detalle que posibilitaban estas actuacións naquelas áreas da cidade que se corresponden con actuacións unitarias de vivendas colectivas, con ordenanza 9A, en barrios como Vite ou Pontepedriña que xa tiñan a declaración de ARI; e ademais noutras como nas vivendas de San Ignacio de Loyola, grupo de vivendas Ultreia ou outros na contorna da Avenida de Coimbra; ou as da coñecida como “corredoira de Campsa”, na rúa do Penedo.

Ademais, tamén no mandato anterior, e co obxectivo de incrementar os recursos para atender esta cuestión, solicitáronse fondos FEDER a través da Edusi, dos que o actual Goberno vén de iniciar a súa tramitación e que esperamos poidan cumprir o seu obxectivo e dotar de ascensores aos barrios máis necesitados. A maiores, creáronse

as axudas complementarias municipais para que as persoas sen recursos poidan chegar ao 100% de axuda e entendemos que esas achegas son fundamentais para poder poñer o foco na xente que máis o necesita.

Mais, hai outra serie de barrios que teñen esta mesma problemática de accesibilidade, tal e como a veciñanza vén reclamando, como a Almaciga, o ámbito da rúa Quiroga Palacios e as rúas lindantes, para as que tamén se podería pedir a declaración de ARI ou as vivendas da contorna da rúa Ulla en Pontepedriña e nos que a solución, a maioría das veces, non pode pasar pola ocupación do espazo público. Ante a imposibilidade real, por falta de espazo para poñelo polo interior do edificio e das vivendas, faise necesario buscar solucións nos patios de mazá ou colaborativas entre varias comunidades nas que a Oficina de Vivenda municipal debería xogar ese papel de asesoramento que viabilizara estas operacións.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao Goberno Municipal a aumentar a información e asesoramento á veciñanza que quere mellorar a accesibilidade e instalar ascensores, máis alá dos ámbitos dos ARIs recoñecidos ou ERRP (Contorna Residencial de Rehabilitación Programada) e converter a Oficina de Vivenda nun espazo de asesoramento que colabore na busca de solucións para á instalación de ascensores tamén nos edificios destes barrios.

2. Solicitar á Xunta de Galicia e ao Goberno estatal unha maior dotación de recursos para a mellora da accesibilidade e instalación de ascensores, ademais das axudas que poida haber para actuacións de eficiencia enerxética, que permitan que máis comunidades que están en lista de espera no Limiar poidan acceder á instalación de ascensores.”

O Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e 1 N/A), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao Goberno municipal a aumentar a información e asesoramento á veciñanza que quere mellorar a accesibilidade e instalar ascensores, máis alá dos ámbitos dos ARIs recoñecidos ou ERRP (Contorna Residencial de Rehabilitación Programada) e converter a Oficina de Vivenda nun espazo de asesoramento que colabore na busca de solucións para á instalación de ascensores tamén nos edificios destes barrios.

2. Solicitar á Xunta de Galicia e ao Goberno estatal unha maior dotación de recursos para a mellora da accesibilidade e instalación de ascensores, ademais das axudas que poida haber para actuacións de eficiencia enerxética, que permitan que máis comunidades que están en lista de espera no Limiar poidan acceder á instalación de ascensores.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA IMPULSAR UN PLAN DE FORMACIÓN EN XESTIÓN E CAPTACIÓN DE FINANCIAMENTO PARA CONQUERIR O FORTALECIMENTO DO TECIDO CULTURAL ASOCIATIVO

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo programar unha ampla formación en xestión e captación de financiamento que favoreza a capacitación do tecido cultural asociativo de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O tecido asociativo cultural de Santiago de Compostela precisa unha adaptación urxente ao contexto postpandémico para facilitar a reconversión e fortalecemento de proxectos culturais cunha longa traxectoria. Tamén favorecer apoios municipais co obxectivo de provocar o nacemento doutros novos, con especial atención ao fortalecemento de redes interxeracionais na cultura da cidade.

O dereito á cultura fomenta dimensións complementarias de acceso e participación da comunidade que debe manifestarse como suxeito activo creador da súa cultura identitaria. Nestes intres complexos de readaptación á chamada nova normalidade, agravados polas circunstancias coxunturais, debemos posibilitar cambios necesarios no proceso de readaptación das entidades culturais do sector asociativo que están a atopar grandes atrancos para recuperar a súa actividade habitual.

Lembremos que no ano 2021 só 3 entidades asociativas foron beneficiarias de axudas municipais para desenvolver actividades culturais por un importe de 9.661,98€, dun total consignado de 48.500€. Perdéronse, polo tanto, 38.838,02€ para desenvolver actividades de asociacións culturais por concorrência.

Esta problemática continuou no 2022 cando só 9 asociacións solicitaron as axudas para actividades culturais desenvolvidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022. Destas 9 entidades solicitantes, 6 foron excluídas por motivos tan dispares como: non estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, non presentar a Acta de constitución, non presentar a Certificación de acordo de solicitude, entre outros. Só 3 entidades conseguen o pago anticipado que suma unha contía de 12.000 euros, e levántase o reparo manifestado do informe de fiscalización 2022/2129 relativo á concesión de subvencións a asociacións culturais, indícase en dito documento:

“O importe total concedido é de 15.000 euros polo que compre devolver á aplicación de orixe 2022 050 33400 4890100 o importe total restante por valor de 30.000 euros.”

Dos 45.000 euros consignados, logramos unha concesión de só 15.000 euros e a foto final obterémola aínda tras o prazo de xustificación que remata este 31 de xaneiro.

O tema das axudas culturais foi debatido numerosas veces no Pleno da corporación municipal, en setembro de 2020, setembro de 2021, xaneiro do 2022, marzo do 2022, setembro do 2022, etc... desde varias perspectiva e insistindo varias veces na necesidade de capacitar ás asociacións do sector cultural de Santiago a través do desenvolvemento dunha ampla e ambiciosa acción formativa que facilite a recuperación e fortalecemento do tecido asociativo que opera na cidade. É evidente que esta foi unha das materias pendentes do goberno local, que non pode alegar non estar advertido.

Por todo isto, e tendo en conta que estamos diante dunha necesidade urxente que

cómpre abordar canto antes, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Urxir ao correspondente órgano de goberno que programe unha ampla formación en xestión e captación de financiamento que favoreza a capacitación do tecido cultural asociativo de Compostela.”

O Pleno da Corporación por unanimidade, acorda urxir ao correspondente órgano de goberno que programe unha ampla formación en xestión e captación de financiamento que favoreza a capacitación do tecido cultural asociativo de Compostela.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE O PLAN ESPECIAL DIRECTOR DE ORDENACIÓN E REHABILITACIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS DE SANTIAGO (PE-3)

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo aprobar medidas necesarias para o mellor desenvolvemento do Plan Especial Director de ordenación e Rehabilitación do Camiño Francés (PE-3).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Se por algo se caracteriza o actual goberno local e pola súa praxe e xeito de actuar onde a falta de información e a nula comunicación soe ser o habitual e a ‘marca da casa’ do executivo encabezado polo alcalde Sánchez Bugallo. Un dos casos máis recentes é o que está a acontecer coa tramitación do Plan Especial Director de Ordenación e Rehabilitación do Camiño Francés (PE-3) que se atopa na fase de exposición pública para a súa aprobación inicial. Unha tramitación que está a crear un importante estado de alarma e unha nova situación, unha máis, de conflito coa veciñanza.

Nas últimas semanas e meses son numerosas as mostras de malestar entre os veciños e veciñas afectados polo desenvolvemento do Plan Especial do Camiño Francés, xa non só polo contido do documento que vai ser sometido a aprobación inicial, senón sobre todo pola escasa información sobre as súas consecuencias por parte dun Goberno local que, unha vez máis, demostra unha absoluta falta de empatía coa veciñanza. Ninguén pon en dúbida a necesidade de apostar pola conservación patrimonial do camiño de Santiago e da nosa riqueza patrimonial, en xeral, pero si que é necesario que as administracións públicas fagan exercicios de responsabilidade e acompañen as novas esixencias á cidadanía con solucións. Neste sentido, é importante acompañar a ampliación dos niveis de protección da contorna do Camiño Francés con medidas para subsanar as carencias destas zonas, algunhas delas tan flagrantes como a inexistencia de rede de saneamento.

Unha falta de información que podería resolverse xa coa creación dunha oficina específica de información e acompañamento na que se resolvan as dúbidas vinculadas ao Plan Especial. Por iso é urxente que o Concello poña en marcha esta oficina de información específica sobre o desenvolvemento do Plan, como se fixo co Plan Especial da Cidade Histórica, ou como fixo o anterior goberno municipal, durante o pasado mandato, en relación á regularización catastral. Nesta primeira fase a oficina

debe ser de información, pero posteriormente deberá servir para asesorar á veciñanza durante o desenvolvemento do Plan Especial e para facilitarlle os trámites administrativos que se vaian requirindo. Unha ferramenta de asesoramento e información que deba estar atendida por persoal que poida desprazarse algún día da semana ata as zonas rurais afectadas, para dar así as máximas facilidades á veciñanza. Oficina que, sorprendentemente, está prevista no Plan Especial pero sen dotación económica, de maneira que todo apunta a que quedará nunha simple declaración de intencións.

A maiores, faise necesario denunciar a escasa implicación económica da Xunta de Galicia no desenvolvemento deste documento, cando é a administración que ten competencia directa sobre os Camiños de Santiago e foi o propio goberno galego quen ampliou o ámbito de afectación deste PE-3 ao respecto do inicialmente previsto no PXOM vixente. Esta falta de compromiso económico das administracións públicas faise evidente se temos en conta a escasa dotación económica que se contempla para o desenvolvemento deste Plan Especial, que fala de investimentos de 9,5 millóns de euros entre 2022 e 2029, o que supón unha cifra que claramente insuficiente, pero que ademais en pleno ano 2023 aínda non ten partidas previstas por parte de ningunha administración, nin Concello, nin Xunta de Galicia. Así, o PE-3 indica que as actuacións deben ser financiadas polo Concello coa posible colaboración das administracións públicas implicadas no Camiño, pero sen que exista convenio coa Xunta, polo que non hai compromiso económico para asumir conxuntamente estes custos. Ademais, na memoria económica non se cuantifican todas as actuacións que se deben desenvolver na zona, entre elas algunhas moi importantes e longamente demandadas como a implantación da rede de saneamento, nomeadamente nos núcleos de San Paio e Vilamaior, que si aparece recollida pero non orzada.

A todo o anterior cómpre engadir a necesidade de abrir liñas de subvencións específicas para o desenvolvemento deste Plan Especial do Camiño Francés, porque na memoria de viabilidade económica do documento só hai unha referencia a unha liña de axudas para promover o uso da terra, pero non para financiar intervencións de rehabilitación ou restauración de inmobles, actuacións relacionadas coa mellora da eficiencia enerxética, ou obras de adecuación de locais comerciais e hostaleiros. Urxe que se empece a traballar nestas liñas de axudas, porque a veciñanza debe ter compensacións para o cumprimento das esixencias que se lles van impoñer a través do Plan Especial do Camiño, seguindo o modelo do que se fixo, no seu día, tamén co Plan Especial da Cidade Histórica.

Por todo isto, e tendo en conta que estamos diante dunha necesidade urxente que cómpre abordar canto antes, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Atender con dilixencia as alegacións achegadas pola veciñanza afectada polo PE-3 e procurar darlles unha resposta positiva e comprensiva que permita incorporalas, na medida do posible, ao documento final do Plan.
2. Urxir ao goberno local a por xa en funcionamento dunha Oficina específica para informar e acompañar o PE-3, e dotala economicamente e de recursos humanos.
3. Instar ao correspondente órgano de goberno local a impulsar a sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia para incrementar a dotación económica e implicación do goberno galego nos investimentos económicos necesarios para o desenvolvemento do PE-3, principalmente as carencias de abastecemento e saneamento no rural.

4. Aprobar unha liña de axudas específicas e propias para o PE-3 que como mínimo subvencionen intervencións de rehabilitación e restauración de inmobles, o mantemento e mellora da eficiencia enerxética dos inmobles e a adecuación de locais comerciais e hostaleiros.

5. Dar conta e trasladar este debate así como o acordo anterior a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia.”

Á presente proposición presenta emenda o grupo municipal do PP, que non é aceptada por CA.

Debátese conxuntamente coa proposición que figura como punto núm. 7 da orde do día.

Rematado o debate, e tras ser acordada a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

1. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e 1 N/A), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, atender con dilixencia as alegacións achegadas pola veciñanza afectada polo PE-3 e procurar darlles unha resposta positiva e comprensiva que permita incorporalas, na medida do posible, ao documento final do Plan.

2. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e 1 N/A), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, urxir ao goberno local a por xa en funcionamento unha Oficina específica para informar e acompañar o PE-3, e dotala economicamente e de recursos humanos.

3. Por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 2 BNG e 1 N/A), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (8 PSdeG-PSOE e 8 PP), instar ao correspondente órgano de goberno local a impulsar a sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia para incrementar a dotación económica e implicación do goberno galego nos investimentos económicos necesarios para o desenvolvemento do PE-3, principalmente as carencias de abastecemento e saneamento no rural.

4. Por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 2 BNG e 1 N/A), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (8 PSdeG-PSOE e 8 PP), aprobar unha liña de axudas específicas e propias para o PE-3 que como mínimo subvencionen intervencións de rehabilitación e restauración de inmobles, o mantemento e mellora da eficiencia enerxética dos inmobles e a adecuación de locais comerciais e hostaleiros.

5. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e 1 N/A), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dar conta e trasladar este debate, así como o acordo

anterior a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia.

A continuación débátese a proposición presentada polo BNG para corrixir o desnivel da estrada na antiga N-34 no núcleo de Lavacolla.

Ao remate do debate, faise un receso cando son as 12:25 horas e reanúdase a sesión ás 12:50 horas, incorporándose a totalidade dos asistentes, agás o señor Prol Mariño, que o fai ás 13:02 horas.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE MEDIDAS PARA O FOMENTO DOS VEHÍCULOS ELÉCTRICOS NO TERMO MUNICIPAL.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios anos, as administracións públicas están a desenvolver distintas medidas para a implantación dun novo modelo enerxético, co obxectivo de incrementar a eficiencia, apoiar o uso de enerxías renovables, reducir as emisións de CO₂ e a contaminación acústica, mellorar a calidade do aire, minorar a dependencia dos combustibles fósiles e, con iso, a redución de custo que todo iso supón.

A ese fin van dirixidas directivas, planificacións e estratexias, como a máis recente Axenda 2030 das Nacións Unidas que se está a concretar e desenvolver nos distintos ámbitos europeo, estatal, comunitario e local.

Conforme a eses postulados, o Concello de Santiago acaba de delimitar a denominada Zona de Baixas Emisións (ZBE), unha medida que vai incrementar a implantación progresiva de vehículos híbridos *enchufables* ou eléctricos, unha tendencia que está a ser promovida desde hai anos a través de axudas estatais e autonómicas para a súa adquisición.

Para impulsar e facilitar esa transformación cara a un novo modelo enerxético e de mobilidade no ámbito local, desde o Grupo Popular propoñemos que o Goberno municipal estude e planifique medidas que contribúan a incentivar e facilitar o cambio de vehículos de combustión por outros menos contaminantes, na liña do realizado por outras administracións locais en Galicia e en España. Unhas medidas que lle dean continuidade á exención do pagamento da ORA para os vehículos catalogados como de “cero emisións” acordada e posta en marcha por unanimidade no pasado mandato.

Nesa liña, aproveitando as oportunidades que ofrecen as novas disposicións normativas e as liñas de axudas establecidas desde hai meses polas administracións estatal e autonómica (como a modificación da Lei de Facendas Locais a través do R.D.L. 29/2021, do 21 de decembro, dirixido ao fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregamento de enerxías renovables; ou as axudas ás entidades locais que canaliza a Xunta de Galicia, dentro do programa MOVES III para incentivar a mobilidade eléctrica), o Concello podería introducir nas ordenanzas locais as bonificacións fiscais que aparecen recollidas no citado R.D.L. 29/2021:

- Unha redución de ata un 50% da cota íntegra do imposto sobre bens inmobles (IBI) para aqueles casos nos que se instalen puntos de recarga para vehículos eléctricos, sempre e cando contén coa preceptiva homologación.
- Unha rebaixa de ata un 50% do imposto de actividades económicas (IAE) para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal, cando nos locais afectos á actividade económica fosen instalados puntos de recarga para vehículos eléctricos.
- Unha exención de ata 90% no imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO) naqueles inmobles nos que se leven a cabo obras ou reformas necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos.

A maiores das bonificacións e axudas, para potenciar o cambio cara ao uso do vehículo eléctrico faise indispensable tamén promover unha ampla rede de puntos de recarga ao longo do territorio que faciliten o uso diario deste tipo de vehículos, tarefa prioritaria na que coinciden os goberno español e galego, para a que resulta determinante a implicación dos concellos, razón pola que se contemplan axudas específicas para que as entidades locais poidan implantar infraestruturas de recarga.

No Concello de Santiago hai xa máis de 4 anos que se acordou por unanimidade a implantación dunha rede pública de recarga de baterías para vehículos eléctricos, sen que ata o de agora se teña levado a cabo ningunha medida nese sentido.

Aínda que na actualidade non se dispón dun mapa oficial de puntos de recarga -á espera de que se active a “base de datos segura e fiable” comprometida polo Goberno do Estado para o pasado mes de maio de 2022-, segundo a aplicación (*Electromaps*) que pasa por ser das máis fiables para este fin, no termo municipal de Santiago existen na actualidade uns 50 puntos de recarga, na súa inmensa maioría vinculados a espazos privados (estacións de servizo, centros comerciais, grandes supermercados, instalacións hostaleiras, aparcamentos ou centros de ensino). En relación coas instalacións municipais, unicamente consta un punto no aparcamento Xoán XXIII, mentres carecen dese servizo todas as grandes instalacións deportivas, aparcamentos públicos como o de Conxo, San Marta ou Salgueiriños, sen que exista tampouco ningún punto de recarga de acceso libre en rúas e espazos públicos da cidade.

Aínda que o número de puntos de recarga totais en Santiago non difire moito da realidade doutras cidades de Galicia, si existen notables diferenzas en canto á dispoñibilidade de puntos de recarga en rúas e espazos públicos, ámbitos nos que mesmo outros concellos galegos de menor entidade xa dispoñen deste servizo. Ademais, cómpre ter en conta que segundo as previsións do Estado de que este ano 2023 se acaden polo menos os 100.000 cargadores públicos en España (o que significaría unha cantidade media de 1 cargador por cada 470 habitantes), en Santiago farían falta algo máis de 200, o que daría unha idea da insuficiencia das infraestruturas existentes para asegurar a curto prazo un axeitado nivel servizo que cada día demandan máis persoas usuarias, tanto residentes na cidade como visitantes.

Polo tanto, á vista destas consideracións, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano a que:

- Inicie a modificación da ordenanza fiscal para incluír as bonificacións de ata o 50% no IBI e do IAE, así como a exención de ata o 90% do ICIO para aqueles locais, vivendas ou garaxes comunitarios particulares que realicen obras de adecuación para instalación de recarga de vehículos eléctricos.

- Coa maior urxencia, proceda a dar os pasos necesarios para a implantación dunha rede pública de recarga de vehículos eléctricos no termo municipal, amparándose nas liñas de axudas promovidas para este fin polo Estado e pola Xunta de Galicia.”

O presente punto débatesse conxuntamente coa proposición que figura como punto núm. 8 da orde do día.

Rematado o debate e tras ser acordada a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación, acorda:

1. Por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e do concelleiro non adscrito (PP 8 e 1 N/A), e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (8 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a que inicie a modificación da ordenanza fiscal para incluír as bonificacións de ata o 50% no IBI e do IAE, así como a exención de ata o 90% do ICIO para aqueles locais, vivendas ou garaxes comunitarios particulares que realicen obras de adecuación para instalación de recarga de vehículos eléctricos.

2. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a que coa maior urxencia, proceda a dar os pasos necesarios para a implantación dunha rede pública de recarga de vehículos eléctricos no termo municipal, amparándose nas liñas de axudas promovidas para este fin polo Estado e pola Xunta de Galicia.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONSENSUAR COA VECIÑANZA O PLAN ESPECIAL DO CAMIÑO FRANCÉS, CREAR UNHA OFICINA DE REHABILITACIÓN E UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA ACTUACIÓNS NESTE ÁMBITO.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para consensuar coa veciñanza o Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3), crear unha Oficina de rehabilitación do Camiño, cunha partida específica no orzamento, que conte cunha importante dotación destinada a axudas para vivendas e negocios no ámbito de actuación da Lavacolla.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Goberno do 6 de xuño de 2022 aprobou inicialmente o Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3), presentado polo Consorcio de Santiago con data 31 de maio de 2022.

A veciñanza da Lavacolla afectada por este plan especial mobilizouse nas últimas

semanas polo contido do acordo de aprobación inicial que determina a suspensión do outorgamento de licenzas de edificación, parcelación e derruba nese ámbito durante o prazo máximo de dous anos, cunha suspensión que afecta tamén ás seguintes actividades:

- A implantación de usos ou actividades non permitidas polo plan especial.
- As obras de reforma que sexan incompatíbeis coa normativa do plan especial, agás as de mera conservación e mantemento do uso preexistente.
- A autorización de usos e obras provisionais en solo urbanizábel que non teñan aprobado definitivamente a súa ordenación detallada, agás xustificación da necesidade da súa implantación e informe favorábel da Comisión Asesora.

Como medida específica de protección, o plan especial prevé a constitución dunha Comisión Asesora (artigo 21), cuxo informe será preceptivo para actuacións de nova edificación, ampliación de edificios existentes, reforma de fachadas e elementos exteriores en edificios catalogados, actuacións de todo tipo nos edificios catalogados de grao 1 e 2, obras que afecten directamente ás condicións materiais de conservación e valoración de elementos catalogados, estudos de detalle, proxectos de urbanización e de obras en espazos públicos catalogados, sinalización e mobiliario urbano e determinación de usos e obras de carácter provisional.

Ademais, este plan especial incorpora normas para as edificacións existentes catalogadas e non catalogadas, ás que se lles aplicará o disposto no artigo 88, sempre que sexan conformes coa ordenación. Se as edificacións non catalogadas deviñesen desconformes coa ordenación deste plan especial, o artigo 89 diferencia dous supostos:

1. Edificios (non catalogados), incursos na situación legal de fóra de ordenación (artigo 90.1 da LSG): aplícase directamente o réxime legal, que só admite obras de mantemento e conservación do uso preexistente.

2. Edificios (non catalogados) que non se atopen incursos na situación legal de fóra de ordenación, pero que resulten desconformes con outras determinacións do plan especial: para autorizar obras que excedan das de mera conservación e mantemento do uso preexistente, é preciso que concorran os requisitos sinalados no apartado 2 do artigo 89.

A veciñanza non tivo ocasión de participar directamente na redacción do Plan nin recibiu información previa á súa aprobación na Xunta de Goberno, o que crea inseguranza e indefensión nun ámbito con numerosos problemas previos (falta de saneamento, de iluminación, de servizos públicos para as persoas que fan o camiño,...), onde debe primar a defensa de vivir no rural e a mellora das condicións de vida de veciñas e veciños da vida fronte a outros intereses.

No tomo 6 está recollido un orzamento de actuacións globais de 1.350.261 euros. Porén, no cadro existen actuacións importantes detalladas neste plan especial que carecen de partida asignada como a creación dunha Oficina de rehabilitación do Camiño, fomento do uso público das áreas de interese ambiental, mellora do sistema de saneamento, mellora da conectividade ecolóxica, adaptación da traza ao trazado da delimitación do Camiño Francés, acondicionamento nas contornas de interese ligadas ao Camiño, mellora do sistema de drenaxe artificial, incremento do uso de enerxías renovables: biomasa, incremento da eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovábeis, sustentabilidade nos materiais de construción, promoción do uso da terra

a través de vantaxes fiscais ou liñas de axudas, promoción do uso da terra a través da información e a asistencia técnico – administrativa, sustentabilidade do aproveitamento dos recursos e produtos endóxenos, información sobre as potencialidades económicas do territorio e marca de produtos asociados ao Camiño de Santiago.

Chama tamén a atención o destino de tan só 19.820 euros para todo o apartado de mellora de accesibilidade (eliminación de barreiras nos tramos rurais do Camiño, con 1.000 euros, eliminación de barreiras nos tramos urbanos do Camiño, con 3.360 euros e identificación de rutas alternativas accesíbeis con 15.460 euros) cando no documento hai unha ducia de medidas concretas para mellorar a accesibilidade tanto no acondicionamento do firme, como con instalación de elementos de axuda como rampas, varandas, placas táctiles e sinalización adecuada, eliminación de barreiras arquitectónicas, ademais de eliminación dos cambios de nivel e discontinuidades no pavimento ou elaboración de paneis e documentación informativa para persoas con diversidade funcional, entre outras. Estas medidas, ademais de orientadas para as persoas que veñen en peregrinación, tamén poden ser beneficiosas para a propia veciñanza, de aí que sexa necesario un incremento orzamentario para as levar adiante.

En canto ás actuacións integrais, prevese que na fase 1 se desenvolva a actuación considerada de urxencia neste plan especial, cunha execución no período cuadrienal 2022-2025 de 3.885.820 euros, e unha fase 2 cunha actuación que pode ser executada no período cuadrienal seguinte 2026-2029 cun orzamento de 4.319.490 euros.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Pleno do Concello de Santiago insta ao goberno a paralizar o procedemento de implementación do Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3) e abrir un proceso de diálogo coa veciñanza da Lavacolla para desenvolver un plan consensuado coa poboación residente.
2. O Pleno do Concello de Santiago insta ao órgano correspondente de goberno a dotar economicamente, coa captación de fondos doutras administracións, a mellora do saneamento na parroquia da Lavacolla.
3. O Pleno do Concello de Santiago insta ao órgano correspondente do goberno a crear unha Oficina de apoio e asesoramento para rehabilitación cunha partida específica no orzamento do Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3).
4. O Pleno do Concello de Santiago insta a Xunta a crear unha liña de axudas que conte cunha importante dotación destinada ás vivendas e negocios no ámbito de actuación da Lavacolla.”

Á presente proposición presenta emenda o grupo municipal do PP de modificación do punto 4, á que presenta unha emenda transaccional o BNG e, despois de ser aceptada esta última, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 8 PP, 5 CA e 1 N/A) e 8 abstencións

correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao goberno a paralizar o procedemento de implementación do Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3) e abrir un proceso de diálogo coa veciñanza da Lavacolla para desenvolver un plan consensuado coa poboación residente.
2. Instar ao órgano correspondente de goberno a dotar economicamente, coa captación de fondos doutras administracións, a mellora do saneamento na parroquia da Lavacolla.
3. Instar ao órgano correspondente do goberno a crear unha Oficina de apoio e asesoramento para rehabilitación cunha partida específica no orzamento do Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3).
4. Instar ao órgano correspondente do goberno a valorar a creación dunha liña de axudas específicas e propias para o PE-3, complementaria das xa existentes e xestionadas polo IGVS para a rehabilitación e renovación de vivendas e edificios nos ARI dos Camiño de Santiago, para destinalas ás vivendas e aos negocios no ámbito de actuación de Lavacolla.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CORRIXIR O DESNIVEL DA ESTRADA NA ANTIGA N-634 NO NÚCLEO DA LAVACOLLA.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para atender as demandas da veciñanza da Lavacolla para que o trazado da estrada contribúa a reducir o desnivel actual coas vivendas e negocios no proxecto de acondicionamento da antiga N-634 no núcleo da Lavacolla (Sabugueira).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto construtivo denominado “Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo da Lavacolla (Sabugueira) / Fase I” ten por obxecto a humanización e acondicionamento como travesía do tramo leste da antiga estrada nacional N-634 San Sebastián-Santiago de Compostela, actualmente de titularidade municipal, ao seu paso polo núcleo da Lavacolla. Neste proxecto prevese a execución de beirarrúas, aparcamentos e zonas verdes, pavimentación da calzada cunha sección transversal máis reducida para o calmado do tráfico, a instalación dunha rede soterrada de augas pluviais para a recollida das augas de escorrentura e o soterramento e mellora da rede de iluminación pública. Ademais, o deseño da pavimentación ten en conta o cruzamento prioritario do itinerario peonil do Camiño de Santiago Francés e o acceso seguro de residentes aos puntos de recollida selectiva de residuos sólidos urbanos e as paradas do transporte colectivo urbano municipal.

A veciñanza da zona trasladou a preocupación pola necesidade de corrixir o desnivel da estrada na N-634 da Lavacolla, para que recupere a cota da estrada orixinal, ou se achegue o máis posíbel, e conte con beirarrúas e cunha zona que facilite o acceso a

vivendas e negocios de xeito que, ademais de arranxar a vía pública, exista unha reurbanización que beneficie este barrio e incremente a calidade de vida da veciñanza cunha zona de paseo, de aparcamento e outra de parada por uns minutos para facilitar o labor comercial.

Neste sentido, é necesario o compromiso técnico de rebaixar o máximo posíbel a altura da cota da estrada, en 15 centímetros como mínimo con respecto á actual. Se ben a veciñanza considera positiva a realización de obras sempre que melloren a vía pública, cómpre esa modificación do proxecto xa que o inicial prexudicaba gravemente os accesos ás vivendas e aos negocios.

De feito, segundo trasladaron ao BNG, o pasado 18 de novembro nunha xuntanza do concelleiro do Medio Rural e o enxeñeiro do proxecto coa veciñanza, o edil compartía a necesidade de rebaixar a estrada 15 ou 20 cm pero, ao parecer, o enxeñeiro dixo que o carril que viña a continuación da beirarrúa quedaría sobre 50 cm por riba das entradas das casas por necesidades técnicas, ou sexa uns 17 cm máis alto do que está agora. O técnico explicoulles que o rebaixe se faría do outro lado da estrada para eliminar o peralte e deixar a vía horizontal. De ser así, trátase dun incumprimento de accesibilidade, pois o desnivel entre a rede viaria, as vivendas e os negocios pode agravarse con respecto ao trazado actual nesa beira da estrada.

Unha das propiedades afectadas foi construída en 1916 e en 1960 pasou a ser estanco e panadaría coas súas correspondentes vivendas arriba. Está catalogada por Patrimonio como vivenda tradicional de interese cultural, ademais de estar situada no Camiño de Santiago dado que a propia estrada foi durante décadas paso de peregrinación até que o trazado foi desviado por outros camiños cando comezou a promoción da Xunta co Xacobeo.

Así, con esta obra cómpre corrixir o erro da reforma da estrada producido na década de 1970, cando se reformou a vella estrada que unía Santiago co aeroporto da Lavacolla e quedaron as vivendas por baixo do nivel da rede viaria e sen ter en conta a habitabilidade nin os dereitos de acceso. Toda vez que se van realizar novas obras e quedarían a un nivel aínda máis baixo é o momento de rebaixar a cota da calzada até o que era antes dos anos 70 e impedir que as casas e os negocios fiquen soterrados baixo a estrada. Non ten sentido que fagan unha obra cun orzamento previsto de 268.471,36 euros e finalmente que sexa prexudicial para a veciñanza da zona.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, atenderá as demandas da veciñanza da Lavacolla para que o trazado da estrada contribúa a reducir o desnivel actual coas vivendas e negocios no proxecto de acondicionamento da antiga N-634 no núcleo da Lavacolla (Sabugueira)."

O Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 8 PP, 5 CA e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, atenderá as demandas da veciñanza da Lavacolla para que o trazado da estrada contribúa a reducir o desnivel actual coas vivendas e negocios no proxecto de acondicionamento da antiga N-634 no núcleo da Lavacolla (Sabugueira).

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 18 DE XANEIRO DE 2023, DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 18 de xaneiro do corrente ano, de delegación na Primeira Tenente de Alcalde, Dona Mercedes Rosón Ferreiro, das atribucións da Alcaldía durante o período comprendido entre o día 18 de xaneiro na súa totalidade e as 15:00 horas do día 20 do mesmo mes de 2023.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta das Resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido entre o día 8 de decembro 2022 ao 4 de xaneiro 2023, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/00054580D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 2 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00054525T

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00055170R

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 9 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00055128M

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 12 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00055730D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 14 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00056044R

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 19 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00056628X

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00056809F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 21 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00058720D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 23 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00058630B

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 26 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00059230J

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 27 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00059571D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de decembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00059640D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2022 (ás 10:10 horas).

ASUNTO XGL/2022/00059770R

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de

decembro de 2022 (ás 14:55 horas).

ASUNTO XGL/2023/00000373V

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 9 de xaneiro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00001765E

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 12 de xaneiro de 2023.

11. SOLICITUDE DE CA DE COMPARECENCIA DO ALCALDE.

Á vista da solicitude presentada polo grupo municipal de CA de comparecencia do señor alcalde en relación ao cumprimento do programa electoral do PSdeG-PSOE de maio de 2019, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que compareza o señor alcalde na próxima sesión plenaria ordinaria que se celebre.

12. SOLICITUDE DO PP DE COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO RESPONSABLE DO CONTRATO DE ALUGUEIRO DUN INMOBLE NO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA.

Á vista da solicitude presentada polo grupo municipal do PP de comparecencia do concelleiro responsable do contrato de alugueiro dun inmoble no parque empresarial da Sionlla, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que compareza na vindeira sesión plenaria ordinaria que se celebre.

13. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

1. Formulada polo PP en relación á Vía Verde.
2. Formulada polo BNG sobre a crise do goberno local.
3. Formulada por CA sobre a contratación dun local.

Rogos:

1. Formulado polo BNG para arranxar o ascensor e os aseos públicos da Praza de Abastos.
2. Formulado polo BNG para dotar dunha zona de aparcamento temporal en Rodrigo de Padrón para a veciñanza da zona histórica.
3. Formulado polo PP para executar melloras no Polígono do Tambre.
4. Formulado polo PP para a instalación dun valo protector na área de xogos infantís do parque de Vista Alegre.
5. Formulado polo PP para estudar a posibilidade de habilitar prazas de aparcamento expres nas proximidades das oficinas de farmacia.
6. Formulado polo BNG para reordenar o tráfico e impulsar zonas de aparcadoiro no CEIP Apóstolo Santiago.
7. Formulado por CA para que se dote de abastecemento de auga ao lugar da Veiga en Santa Lucía.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada por CA sobre a publicación do informe da cultura municipal.
2. Formulada polo PP sobre devolucións de cantidades indebidamente cobradas por non aplicar bonificacións.
3. Formulada polo PP sobre a situación do proxecto para a mellora da mobilidade e accesibilidade entre as Fontiñas e Sar e novo viario entre a rúa do Sandino e cidade da cultura.

4. Formulada polo PP sobre os motivos da paralización das obras de rehabilitación do Palacete do Espiño.
5. Formulada polo BNG sobre o mantemento das instalacións de skate no Parque Trasparlamento e a demora das novas pistas en Conxo-Sta. Marta.
6. Formulada polo BNG sobre publicación de axudas para profesionais e asociacións culturais, clubs deportivos e organizacións non gubernamentais neste 2023.
7. Formulada por CA sobre verquidos que se producen en Mourentán.
8. Formulada por CA sobre o funcionamento da Policía de barrio.

Preguntas resposta escrita:

1. Formulada por CA sobre o control da calidade do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria.
2. Formulada polo PP en relación as datas nas que estiveron en funcionamento os radares de Conxo e Restollal.
3. Formulada polo BNG sobre o arranxo do camiño de Requesende.
4. Formulada polo BNG sobre actividade empresarial no núcleo de Formarís.

Despois do debate do rogo que figura como núm. 5 faise un receso ás 14:15 horas e retómase a sesión ás 16:00 horas.

14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas transcríbense a continuación:

“MOCIÓN DO PP PARA TRANSPARENTAR A XESTIÓN DA “LIÑA VERDE”

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis de 6 anos, o Concello mantén contratada unha aplicación que funciona noutras moitas cidades españolas, mediante a que a cidadanía pode comunicar todo tipo de incidencias, fundamentalmente relacionadas coa situación e mantemento de equipamentos e servizos municipais. Unha aplicación de utilidade, aínda que sería conveniente regularizala posto que foi contratada “sen seguir os procedementos requiridos” legalmente -tal e como sinalan os informes técnicos- por un importe próximo aos 6.000 euros anuais.

Segundo se deu a coñecer no seu momento, mediante esta aplicación a denuncia cidadá chégalle directamente ao concelleiro responsable e, no seu caso, á empresa concesionaria do servizo; e a persoa interesada recibe no seu móbil os avisos dos pasos que se vaian dandi para resolvela e unha notificación cando o asunto estea solucionado.

Trátase, sen dúbida, dunha ferramenta de interese para a organización, seguimento e xestión das incidencias relacionadas co estado dos servizos locais, fomentando a participación e a colaboración da cidadanía.

Con todo, a eficacia e a utilidade desta ferramenta podería incrementarse se se introducira unha maior transparencia no seu funcionamento, dando conta de forma periódica das incidencias comunicadas e da súa resolución, en paralelo co que se fai

coas queixas e suxestións que se tratan na correspondente comisión informativa á que se poderían trasladar. Ademais desta comunicación aos grupos municipais, a información global co seguimento debería poñerse a disposición da cidadanía na propia aplicación ou nun enlace que remitira á propia web municipal.

Aínda que nos dous últimos anos, por iniciativa do anterior concelleiro de obras, unha vez ao ano se ofrecían datos en rolda de prensa sobre o número total de incidencias, os índices de resposta e as actuacións realizadas no relativo a este departamento, a información resulta xeral e incompleta, sen o necesario detalle nin a desagregación por áreas ou departamentos, algo indispensable para coñecer e valorar a xestión realizada.

Á vista do anterior, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que faga públicos os datos da aplicación “Liña verde” achegándoos de forma periódica á Comisión de Queixas e Suxestións e difundíndoos a través da rede, para poder coñecer e valorar a xestión que se realiza en relación con esta ferramenta colaborativa.

MOCIÓN DE CA PARA A CREACIÓN DUNHA OFICINA MUNICIPAL DA ENERXÍA, QUE PROMOCIONE AS COMUNIDADES ENERXÉTICAS LOCAIS E OUTRAS MEDIDAS DE ÍNDOLE ENERXÉTICO EN SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

É unha evidencia científica o impacto do cambio climático no planeta e como está a condicionar as nosas vidas. Desde os incendios que arrasaron Galicia este verán, ata a emerxencia hídrica que se viviu nalgúns vilas e cidades e que teñen, entre outras causas, unha profunda degradación do medio ambiente. Afortunadamente, parella a esta situación, a sensibilidade ambiental de cada vez máis persoas, especialmente entre a mocidade, está cada vez máis presente na opinión pública baixo a idea da necesidade de accións para responder ao Cambio Climático.

Entre as cuestións que cada parte da sociedade, e entre elas as administracións públicas, poden acometer, é comprometerse coa utilización das enerxías renovables e a contención do consumo enerxético, máxime nunha situación mundial de profunda incerteza ante os custos económicos e sociais provocados pola guerra en Ucraína. Pese as medidas do Goberno español para implementar a excepcionalidade enerxética no Estado, avalada pola UE e o anuncio amplamente esperado de rebaixa do IVE do 21 ao 5% do gas, o problema segue estando tamén radicado nos altos consumos enerxéticos e a aínda reducida expansión das enerxías renovables.

Impulsar a creación dunha Oficina Municipal do Clima e a Enerxía que oferte asesoramento no relativo á enerxía e subministracións; incluíndo o asesoramento sobre tarifas, descontos, potencia contratada así como de medidas para o aforro ou tramitación de cambios contractuais; que elabore plans de formación, e talleres sobre dereitos enerxéticos e a eficiencia nos fogares e nas empresas así como sobre a

empoderamento na enerxía; e que avalíe a modificación da subministración eléctrica nas dependencias municipais no camiño de contratar con cooperativas enerxéticas sociais e verdes.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que xa opera para financiar diversos servizos e proxectos públicos, aposta entre outras cousas pola modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico, a creación de emprego, a reconstrución sólida e resiliente tras a crise sanitaria e a económica derivada da COVID. Se non se malogra debido a dificultades burocráticas, o Estado Español terá máis de 140.000 millóns de euros en transferencias e créditos nos próximos seis anos.

Entre os aspectos que recolle este Plan, púxose enriba da mesa a posibilidade de crear Comunidades Enerxéticas Locais e a participación social na transición enerxética mediante os seguintes eixos:

* Desenvolvemento de proxectos que impliquen a formación ou que teñan como promotores comunidades enerxéticas que poderán incluír, entre outros:

- Producción eléctrica con enerxía renovable, para autoconsumo ou para entrega a rede.
- Producción de calor e/o frío con enerxía renovable.
- Proxecto de rede de distribución de calor e/o frío.
- Servizos de eficiencia enerxética.
- Servizos de mobilidade sostible ou recarga para vehículos eléctricos.

* Asesoramento a entidades públicas, individuos e asociacións para o fomento deste tipo de iniciativas. Elaboración de estudos de mercado e roteiros que permitan ás comunidades a súa posta en marcha.

* Actuacións de promoción e labores de información, formación e desenvolvemento de proxectos de participación societaria ou financeira no ámbito das comunidades enerxéticas e a participación social.

Sen dúbida a principal actuación que terá que acometer o Goberno español debería ser a creación dunha grande empresa enerxética pública, mais ata que isto non se desenvolva, actuacións como as Comunidades Enerxéticas Locais serán sen dúbida un instrumento de futuro para a organización e sustentabilidade enerxéticas das nosas cidades. A Unión Europea, na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, defíneas como entidades xurídicas ao redor das cales se agrupan persoas, pequenas empresas, asociacións e entidades públicas locais para desenvolver, xuntas, actividades baseadas na promoción de enerxías renovables (electricidade, calor e frío), eficiencia enerxética, mobilidade sostible, etc; todo iso orientado a buscar beneficios sociais, ambientais e económicos na súa contorna.

Tendo en conta a lexislación vixente sobre a estrutura de propiedade das comunidades enerxéticas. Esta inclúe diferentes formas legais -asociacións, cooperativas, fideicomisos e fundacións comunitarias, empresas de responsabilidade limitada, empresas sen ánimo de lucro, asociacións de propietarios ou empresas públicas.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao Goberno local á

1. Impulsar a creación dunha Oficina Municipal do Clima e a Enerxía que oferte asesoramento no relativo á enerxía e subministracións.
2. Promocionar, asesorar e abrir unha liña específica de axudas económicas para a creación de proxectos enerxéticos de ámbito local.
3. Analizar a viabilidade das parcelas de propiedade municipal para emprender proxectos de xeración renovable local integral ou ben ofrecer esas superficies aos colectivos que queiran impulsar este tipo de proxectos, sen ánimo de lucro.
4. Estudar a creación dunha empresa pública municipal comercializadora de electricidade con garantía de procedencia renovable con participación público-comunitaria ou coa participación dalgunha cooperativa enerxética que xa opere no territorio galego

MOCIÓN DE CA PARA IMPULSAR UNHA NOVA CONVOCATORIA DAS RESIDENCIAS ESCÉNICAS MUNICIPAIS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pasado mandato a Sala Agustín Magán transformouse no primeiro espazo específico de residencias escénicas municipais de Galicia. Nas tres convocatorias feitas ata hoxe, a Sala Agustín Magán, situada no CSC de Santa Marta, acolleu o traballo de numerosas compañías profesionais censadas en Santiago de Compostela o que posibilitou recuperar a planificación inicial do lugar para conquistar o desenvolvemento das artes escénicas locais de xeito descentralizado, implicando tamén aos barrios de Santiago.

Medio cento de montaxes de compañías profesionais medraron ao abeiro destas residencias e fixeron del un espazo dedicado á creación escénica actual con colaboracións extensivas ao Colectivo RPM, dedicado ás artes do movemento. A AELG, que celebrou tres accións formativas dedicadas á novas dramaturxias no pasado mandato. Lembremos tamén que no ano 2019 dedicouse o mes de agosto no auditorio do Romaño a dar cobertura ao proceso de preproducción da penúltima obra da compañía Matarile Teatro.

Tendo en conta o histórico previo á pandemia, consideramos necesaria unha recuperación da convocatoria de Residencias de Artes Escénicas na Sala Agustín Magán que inclúa o auditorio do Romaño como segundo espazo escénico desta acción intensiva a prol da creación escénica na cidade. Tamén trasladamos con anterioridade a necesidade da mellora dunha dotación técnica dos espazos e a atención reforzada con traballos de mediación que impliquen ás comunidades da contorna e certos colectivos en risco de vulnerabilidade social.

O uso de dous espazos en barrios diferentes favorece, tamén, a compatibilidade dos diferentes usos dos CSC, entendendo que é necesario, igualmente, un traballo de mediación coas asociacións e colectivos da contorna como fondo do traballo cultural de proximidade. A distinción entre actividades de proximidade e actividades especializadas é unha idea obsoleta no actual discurso cultural. Acreditamos que o Concello de Santiago ten que apostar pola convivencia de procesos híbridos e descentralizados nos barrios da cidade, expandido a todo o territorio municipal manifestacións culturais que antigamente sucedían exclusivamente nos contedores culturais centrais de Compostela.

Por último, consideramos posible a integración na próxima convocatoria dunha bolsa de investigación sobre o legado das compañías históricas compostelás e/ou sobre a creación escénica que acollen estas residencias desde o ano 2016.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao Goberno local a:

1. Publicar unha nova convocatoria de Residencias de Creación e Investigación das Artes Escénicas Municipais.
2. Facilitar e mellorar tecnicamente dúas sedes específicas para o desenvolvemento do programa de residencias: a Sala Agustín Magán (CSC de Santa Marta) e o auditorio do CSC do Romão.
3. Convocar unha Bolsa de Investigación das Artes Escénicas Municipais relacionada cos procesos de creación que fixeron parte da residencia desde o 2016 e/ou sobre o legado das compañías históricas da cidade.
4. Reforzar as actividades de mediación de proximidade coas comunidades e colectivos en risco de vulnerabilidade social de forma decisiva nas bases da nova convocatoria.

MOCIÓN DO BNG PARA APOIAR A MANIFESTACIÓN DO 12 DE FEBREIRO EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA E AS DEMANDAS DA INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para apoiar a manifestación do 12 de febreiro en defensa da sanidade pública e as demandas da ILP da Plataforma SOS Sanidade Pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioro da Atención Primaria Galega está alcanzando un punto de inflexión que pode ser irreversible se non se lle pon remedio de forma urxente.

Os concellos, como institucións mais próximas á poboación e aos seus problemas, recibimos as queixas e demandas da veciñanza, sobre as dificultades para acceder aos Centros de Saúde, os peches de PACs, a masificación das consultas, a prioridades para a consulta telefónica, a falta de persoal médico, de pediatría,

enfermaría e doutras categorías profesionais, sometido a condicións de inestabilidade e precariedade laboral, tendo gran repercusión na calidade da atención sanitaria.

Desde os concellos somos conscientes de que a crise da Atención Primaria, afecta á saúde da poboación (polos atrasos nos diagnósticos e tratamentos), colapsa as urxencias e as listas de agarda nos hospitais. Así o confirman os últimos informes do Ministerio de Sanidade, que reflicten un incremento da mortalidade evitábel e xeral, non explicábel pola epidemioloxía.

Como administración representativa dos intereses da poboación, non podemos tolerar que a poboación desmoralizada acabe aceptando uns Centros de Saúde de baixa calidade e inaccesíbeis por falta de persoal e de recursos, que se abandone a promoción, prevención, rehabilitación, o traballo comunitario e a participación cidadán. A solución non pode ser a contratación de seguros privados enganosos, que tamén teñen listas de agarda e que denegan consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas por non “entrar” no seguro contratado.

Porén, a Xunta de Galicia e o SERGAS, pretenden perpetuar esta situación, aprobando un orzamento para a Atención Primaria que supón o 14% do gasto sanitario total, absolutamente insuficiente para solucionar a falta de persoal e as carencias de persoal e de recursos dos centros, que segundo a OMS debe ser do 25%.

Ante a falta de medidas da administración do PP, para frear o desmantelamento da Atención Sanitaria e do Sistema Sanitario Público Galego, consideramos necesario apoiar a mobilización social e profesional en contra desta situación. Dende a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, piden o apoio á Iniciativa Lexislativa Popular para que o Parlamento Galego, para que se debata e aprobe a serie de medidas destinadas a Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e á manifestación do día 12 de febreiro do 2023, en Compostela, as 12 h. e con saída dende a Alameda e rematando na praza do Obradoiro, en Defensa do Sistema Sanitario Público Galego. De feito, o apoio a esta ILP xa se debateu ao abeiro dunha moción aprobada no Pleno de setembro de 2022.

Consideramos urxente incrementar o orzamento da Atención Primaria até o 25% do total; a recuperación dos postos de traballo recortados; a convocatoria de novas prazas de tódalas categorías de persoal nos Centros de Saúde e PACs; a utilización plena dos servizos hospitalarios para acabar coas listas de agarda acumuladas; a elaboración dun Novo Modelo de Saúde Comunitario que emane das conclusións do Consello Técnico de AP de Galicia e contemple a colaboración das administracións locais para ir contra os determinantes da saúde e da enfermidade.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Realizar un chamamento á poboación do noso concello a participar na manifestación do día 12 de febreiro en Compostela para salvar a Atención Primaria e o Sistema Sanitario Público Galego en risco de desmantelamento e seguir a colaborar activamente na recollida de sinaturas promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, para conseguir a Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria.

MOCIÓN DO BNG PARA REORGANIZAR O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E GARANTIR OS DEREITOS LABORAIS DAS TRABALLADORAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para reorganizar o Servizo de Axuda no Fogar e garantir os dereitos laborais das traballadoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As traballadoras do Servizo de Axuda do Fogar, adscritas a ServiSAR Servicios Sociais SLU, que comezou a súa prestación o 1 de xuño de 2021, advirten de que a empresa concesionaria debe subir o 6,5% salarial polo incremento do IPC, ademais de facer efectiva a zonificación e a identificación persoal no sistema de fichaxe para dar conta do labor realizado de xeito personalizado, cos obxectivos de contribuír á coordinación e de ofrecer un mellor servizo á veciñanza compostelá.

Segundo trasladaron ao BNG, no mes de decembro de 2022 cobraron un salario mileurista pola xornada completa porque a empresa concesionaria non só non lles aplica a suba do 6,5% do IPC, senón que retirou o 3,1% que comezara a pagarlles desde o pasado mes de abril, co que están a cobrar o mesmo que en 2020, unhas condicións que se agravan para moitas das traballadoras que teñen xornada parcial.

Reclaman tamén a necesidade de facer efectiva a zonificación do territorio e a reorganización da distribución horaria co fin de optimizar o tempo dos desprazamentos, para alén de ter unha única persoa coordinadora de referencia. Na actualidade son 198 traballadoras que deben acudir a todos os fogares asignados e, pola mala planificación, ás veces a atención non é a debida. Cómpre lembrar que o BNG xa trasladou en maio de 2022 unha iniciativa para facer efectiva a zonificación.

Ademais, demandan que o sistema de fichaxe Cibersat inclúa unha identificación personalizada dos traballos realizados, para atribuírlles as tarefas e dar conta dos fogares atendidos e da súa localización xeográfica.

Deste xeito, propoñen que se coñezan os resultados da realización da auditoría comprometida para facerlle un seguimento á empresa concesionaria co fin de que cumpra o estipulado no contrato. O BNG solicitou desde hai anos que exista un servizo de inspección das concesionarias, algo ao que se comprometeu o Goberno de Bugallo mais que continúa sen existir.

Traballadoras que se din esenciais non merecen esta precariedade e unhas condicións laborais que non son as idoneas para desenvolver tarefas con colectivos de especial protección.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a demandarlle á empresa do SAF a facer efectiva a zonificación e a identificación persoal no sistema de fichaxe para dar conta do labor realizado de xeito personalizado, cos obxectivos de contribuír á coordinación e de ofrecer un mellor servizo á veciñanza compostelá.

2. O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a dar conta dos resultados da realización da auditoría comprometida para facerlle seguimento á empresa concesionaria co fin de que cumpra o estipulado no contrato.

3. O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a demandarlle á empresa do SAF que cumpra coa suba do IPC no salario das traballadoras co fin de garantir os seus dereitos laborais.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO BNG, DO PSdeG-PSOE E DE CA PARA ADOPTAR MEDIDAS DE APOIO PARA FAMILIAS ACOLLEDORAS DE CARA Á PROTECCIÓN DA INFANCIA

Os grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-POSE, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para adoptar medidas de apoio para familias acolledoras de cara á protección da infancia, a proposta da Asociación Galega de Familias de Acollida (ACOUGO).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Onde mellor pode crecer un/ha menor é en familia. Desta forma, @s menores tutelados poden ter a oportunidade de desenvolverse na contorna máis adecuada durante a infancia. O principio fundamental do interese superior d@ menor debe inspirar toda a lexislación de protección á infancia e establecer que a vida e o desenvolvemento dun/ha menor teñan lugar nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia. Existe unanimidade entre @s expert@s á hora de considerar que a familia é o hábitat natural da persoa e o medio idóneo para o seu crecemento e benestar, especialmente no caso de menores. Por iso, resulta indispensable recoñecer dun modo claro e rotundo na lexislación a prioridade do acollemento familiar fronte ao residencial. O acollemento familiar é un recurso social que proporciona unha familia alternativa á de orixe a aqueles nenos e nenas ou adolescentes que, por diversas razóns, non poden convivir coa súa, evitando a institucionalización de crianzas e adolescentes cuxos pais e nais, por circunstancias persoais ou sociais, non poden facerse cargo delas e pasan a ser tutelados pola Administración.

A retirada da tutela aos pais e ás nais biolóxicas pode ser por un período de tempo temporal ou permanente.

A Lei 26/2015, que regula o sistema de protección á infancia e á adolescencia, xa introduce un novo artigo 20 bis á Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica da persoa menor, de maneira que no seu apartado 1) recolle os dereitos dos acolledores familiares, sinalando a obrigatoriedade de facilitarlle @ menor acollid@ as mesmas condicións que @s fill@s biolóxic@s ou adoptad@s, co fin de facer uso de dereitos ou obrigas familiares durante o tempo que a persoa menor conviva con el@s. Así mesmo dispón que a familia acolledora terá os mesmos dereitos que a Administración recoñece ao resto de unidades familiares.

A pesar de priorizar as solucións familiares de acollemento e de adopción fronte ás residenciais, a realidade é que estamos aínda lonxe dese propósito, xa que a porcentaxe de menores tutelados pola Administración que se atopan en residencias é demasiado grande. Por iso, hai que corrixir o desequilibrio entre o investimento en acollemento residencial fronte ao familiar, ademais de pedir medidas que impulsen a promoción da acollida.

Estas familias enfróntanse no seu día a día a situacións en que teñen que dar demasiadas explicacións, como entregar un papel para unha escola infantil ou colexio, solicitar a tarxeta sanitaria, federarse para poder facer un deporte ou explicarlles @s menores que non poden viaxar cos seus compañeir@s, ademais da obriga de facer gastos extra ou asumir o coidado sen posibilidade de conciliación, por chegar @ menor fóra de prazo para as actividades programadas para tal efecto.

A promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia, así como a protección social, económica e xurídica da familia son obxecto prioritario dos poderes públicos do noso país.

Por iso as familias demandan ante este Concello medidas encamiñadas á equiparación real e efectiva das persoas menores de idade en acollemento familiar á condición de fill@, coa particularidade dun enfoque transversal que permita activar certas accións de “discriminación positiva” para fortalecer e promocionar o acollemento familiar.

O Concello de Santiago de Compostela, para todos os efectos debe dar a consideración de fill@s (**naturais**) @s menores en acollemento familiar durante o seu período de convivencia, o que leva o acceso en igualdade de condicións ás familias con fillos naturais, aos servizos municipais, como poden ser ludotecas, bolsas, campamentos, actividades deportivas e mesmo a inscrición na Escola municipal de música. É dicir, nestes casos @s menores de acollida teñen a consideración de fill@s e irmáns e irmás. Deste xeito, tamén poden optar ás reducións que hai de impostos na área de familia, de deporte, de facenda e de transporte urbano, entre outros, ademais de contaren con prazos adicionais por circunstancias de acollemento. Estas medidas xa está en funcionamento noutros concellos.

A lei só equipara menores de acollida permanente ou en situación preadoptiva e non @s de acollida que están de forma temporal ou por vía de urxencia, por iso é necesario dar un paso máis aló e establecer este apoio especial ás familias, non só para compensar o gran labor social realizado, senón tamén para incrementar a calidade da atención de menores, de acordo co obxectivo de avanzar na protección social, xurídica e económica das familias e ofrecer apoio preferente ás familias en situación especial. Proponse ordenar e actualizar os apoios que estas familias reciben da Administración municipal equiparando real e efectivamente, para todos os efectos administrativos, @s menores en acollemento en calquera das súas modalidades -temporal, permanente, preadopción ou de urxencia- á condición de fill@ durante este período de tempo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Ordenar e actualizar a normativa municipal para establecer expresamente a equiparación real e efectiva, para todos os efectos administrativos, a menores en acollemento en calquera das súas modalidades -temporal, permanente, preadopción ou de urxencia- á condición de fill@ durante o tempo que @ menor se atope baixo acollemento familiar, con medidas que apoien de xeito positivo estas familias e menores.

2. Incorporar o ítem de familia acollidora ou crianza en acollida nos impresos en todas

as áreas da xestión, con medidas que apoien de xeito positivo estas familias e menores.

3. Considerar as familias acolledoras de especial protección así como outro tipo de familias que teñan tamén esta consideración coa aplicación de medidas de discriminación positiva que faciliten a vida comunitaria a nivel local das persoas que acollen e as acollidas.

4. Ofrecer unha formación básica para o persoal municipal en materia de protección de menores, especialmente sobre acollemento familiar.

5. Elaborar un rexistro municipal de familias acolledoras.

6. Instar ao Parlamento español a modificar a Lei 26/2015, que regula o sistema de protección á infancia e á adolescencia, para a equiparación de dereitos para as familias de acollemento, sexa temporal, permanente, preadopción ou de urxencia.

MOCIÓN DO PP PARA O ESTUDO, DESEÑO E EXECUCIÓN DUNHA NOVA ROTONDA NA RÚA DO HÓRREO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No proxecto inicial da remodelación da rúa do Hórreo que se comezou a executar en setembro de 2021 cun prazo inicial de 5 meses, ademais doutras carencias substanciais como a rede semaforica, non se contemplaba a construción dunha rotonda para facilitar o acceso ao Ensanche para os vehículos que circulan no sentido ascendente por diante das instalacións ferroviarias. Con ese fin, unicamente se contemplaba a posibilidade dun xiro á esquerda nun carril único, común para todos os vehículos que transitarían por esa vía, en paralelo cun segundo carril exclusivo para a circulación do transporte público.

Daquela, o Grupo Popular xa advertira da necesidade de reconsiderar o proxecto para executar unha rotonda que facilitase o acceso á rúa San Pedro de Mezonzo, coa finalidade de lograr unha maior seguridade e fluidez do tráfico rodado.

Atendendo a esta advertencia, o Goberno promoveu a instalación dunha rotonda provisional durante a execución das obras e, posteriormente, acordou a construción dunha rotonda definitiva ao valorar “moi positivamente” o funcionamento daquela estrutura provisional.

Pasado o tempo, a solución adoptada para canalizar o tráfico nese punto non ofrece os resultados desexables, tanto no relativo ao diámetro necesario para unha axeitada funcionalidade da rotonda, como no trazado dos carrís que alí converxen, xerando continuos problemas na circulación e contribuíndo a incrementar as posibilidades de colisión entre vehículos.

Á vista desta situación que pon en cuestión a forma de executar a solución finalmente adoptada, o Grupo Popular presenta á consideración da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a que se realice e execute un proxecto específico para a rotonda que conecta a rúa do Hórreo coa rúa San Pedro de Mezonzo, nas inmediacións da estación intermodal, no que se valore a ampliación do diámetro da rotonda, coa realización de estudos técnicos que analicen todas as posibilidades de mellora para optimizar o espazo de circulación sen comprometer a seguridade peonil. En paralelo, tamén se considera necesario proceder a unha mellora da iluminación e a un novo deseño dos carrís para facer máis segura e fluída a circulación.

MOCIÓN DO PP PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA A REMATAR COA MAIOR CELERIDADE A 1º FASE DA ESTRADA DP-7802 ROXOS-REBORIDO E A REDACTAR O PROXECTO PARA A 2ª FASE

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parálise de varias semanas nas obras da primeira fase da estrada provincial DP-7802 entre Roxos e Reborido están a causar graves problemas de seguridade e de accesibilidade á veciñanza da zona e a todas as persoas que a diario transitan por esta importante vía pola que se accede, entre outros lugares, á igrexa parroquial e ao centro sociocultural. Unha vía pola que, ademais, transitan a diario un liña do transporte urbano e peregrinos que percorren o camiño cara Fisterra, cuxo itinerario atravesaba este trazado en obras.

Desde o Grupo Popular consideramos que un organismo público como a Deputación non pode deixar abandonada unha obra nestas condicións, sen preocuparse do acceso a vivendas, garaxes e fincas, sen drenaxes que impidan a acumulación de augas nas marxes, cunha sinalización claramente deficitaria e insuficiente e cun firme inzado de fochancas como as que dificultan o paso do rego de Roxos.

Unha visita ás obras abonda para comprobar que adoecen dunha evidente falta de previsión e planificación, difícil de explicar para un proxecto que foi redactado en 2018, cunhas expropiacións realizadas en 2019, que foi licitado en 2020, adxudicado en marzo de 2021 e que debería estar rematado no pasado mes de abril, cando finalizou o prazo de doce meses recollido no marco contractual.

Ante a situación destas obras e dada a importancia desta vía para a articulación territorial e a mobilidade da veciñanza do concello, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno municipal insta á Deputación da Coruña a que se retomen coa maior urxencia posible os traballos para rematar as obras de ampliación de plataforma da estrada provincial DP-7802 entre Roxos e Fraíz e, ao mesmo tempo, que por parte do organismo provincial se remate a redacción do proxecto para a segunda fase entre Fraíz e Reborido, de apenas 1 km. de lonxitude, para completar a mellora deste estreito e sinuoso itinerario.

MOCIÓN DE CA SOBRE A RECLAMACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS DEMANDAS

E O ACORDO DE CONDICIÓN S SOCIOLABORAIS DAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As persoas traballadoras do SAF atenden en Galicia a máis de 25.000 persoas dependentes e en Santiago de Compostela a mais de seiscentas, son maiormente mulleres que soportan unhas condicións laborais indignas dun servizo social tan importante como son a atención das persoas maiores dependentes e as persoas enfermas. Os coidados que realizan as traballadoras do servizo de axuda no fogar (SAF) precisan de mellora das súas condicións de traballo así como a dignificación e recoñecemento da súa importante actividade para toda a sociedade; moitas delas traballan e son traballadoras pobres. Isto debe estar asumido, en primeiro lugar, polas propias administracións públicas para evitar o incumprimento sistemático de dereitos laborais e tamén, debe ser esixido de maneira clara e dilixente ás empresas concesionarias que prestan o servizo contratadas polas administracións públicas. No caso de Santiago, trátase dun servizo público cuxa titularidade, corresponde ao Concello de Santiago e polo tanto, a dirección, fiscalización, avaliación e control do servizo de axuda no Fogar.

As mulleres do SAF de Santiago de Compostela levan moito tempo mobilizándose e reclamando que se lles escoite, mais observan con frustración como pasan os meses e os anos e as súas reivindicacións seguen esquecidas por parte da empresa concesionaria e, o que é máis grave aínda, estanse incumprindo os acordos sociolaborais.

O pasado 1 de xullo de 2022, tras un período de negociación co fin de mellorar as condicións do colectivo de traballadoras do SAF de Santiago, asinouose un acordo sobre as condicións sociolaborais entre o Comité de Empresa de ServiSAR e a parte empresarial que está rexistrado no A.G.A. Entre os acordos mais relevantes destacan:

* En primeiro lugar, a reorganización do servizo en base á necesaria “zonificación” co obxectivo de reducir as distancias dos desprazamentos e/ou quilometraxe. Non resulta lóxico nin sostible dende o punto de vista dunha mobilidade sostible e as condicións das traballadoras se vexan obrigadas a terse que desprazar por todo o municipio sen un criterio de concentración en zonas dos destinos de atención ás persoas usuarias. Para o proceso de elaboración da zonificación será preciso que a equipa técnica municipal realice unha análise previa do servizo para garantir maior efectividade.

* En segundo lugar, acordouse, co fin de axilizar e mellorar a comunicación coas traballadoras, nomear a unha persoa coordinadora de referencia á que poder chamar para resolver necesidades ou posibles contratempos.

A data de inicio para o cumprimento das medidas anteriores era o 1 de xullo de 2022, un acordo que será de obrigado cumprimento para as vindeiras licitacións. Pasados mais de seis meses e iniciado xa o ano 2023 estes acordos non se cumpriron e ao parecer, a empresa concesionaria non ten intención de cumprir o acordo asinado. Por outra banda, as traballadoras do SAF demandan que o sistema municipal de fichaxe

laboral e asistente de coordinación *cibersad* permita a identificación personalizada de maneira que sexa posible computar os servizos, as tarefas e as persoas usuarias atendidas por cada unha.

Durante o vixente mandato Compostela Aberta trouxo a este pleno numerosas iniciativas e fixemos acompañamento da situación das traballadoras e da atención das súas demandas, así como de que non se perderan conquistas ou dereitos laborais adquiridos con anterioridade. En maio de 2022 o Pleno da corporación aprobou unha moción -por 13 votos a favor correspondentes aos grupos municipais de CA, do PP e do BNG e 10 abstencións correspondentes ao grupo municipal do PSdeG-PSOE- impulsada por Compostela Aberta e na que se lle exixía ao Concello de Santiago que elaborase unha auditoría detallada sobre o primeiro ano de contrato na que se dese conta da calidade da prestación do contrato e nomeadamente no relativo á organización do servizo, os recursos humanos, medios materiais, axudas técnicas e, en definitiva, a calidade do servizo, o seguimento e a avaliación. Nesa mesma iniciativa de CA reclamouse que se comprobase o cumprimento do convenio colectivo -no relativo a subidas de IPC, e todo o relativo ao recoñecemento de dereitos laborais- e que fora cotexada e contrastada coa representación sindical das mesmas, para posteriormente, de ser o caso, tomar as medidas oportunas e solucionar as mesmas.

A día de hoxe, continúa pendente por parte da empresa concesionaria a suba do IPC que para do ano 2022 era do 6,5%. As traballadoras non cobraron ningunha suba, e ata abril do ano pasado cobraron soamente o 3, 1% de forma acumulada, sen embargo, mesmo esta suba foi eliminada. Polo tanto, están percibindo o mesmo salario que recollen as táboas salariais do 2020 (1.042,65 Euros brutos para xornadas de 39 horas) Pola súa parte as traballadoras que están contratadas a tempo parcial cobran salarios que directamente as converten en traballadoras pobres e vulnerables.

En definitiva, as traballadoras do servizo de axuda a domicilio de Santiago de Compostela están a sufrir graves inxustizas e abusos por parte de empresa concesionaria que nin paga a subida do IPC, os atrasos e incumpre sistematicamente os acordos asinados.

Por todo o anterior, e para solucionar a situación das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de Santiago e polo tanto mellorar a calidade do mesmo, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

En tanto que servizo público da súa titularidade, corresponde ao Concello de Santiago a dirección, fiscalización, avaliación e control do servizo de axuda no Fogar, por este motivo, o Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Solicitar un informe á empresa de ServiSAR na que se den explicacións a respecto do incumprimento do acordo das condicións sociolaborais das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar relativas á zonificación e o nomeamento dunha persoa de referencia responsable da coordinación coas traballadoras do servizo.

2. Solicitar un informe á empresa de ServiSAR na que se dean explicacións a respecto do incumprimento no relativo a subidas de IPC, e que a información sexa cotexada e contrastada coa representación sindical das mesmas, para posteriormente tomar as medidas oportunas e solucionar as mesmas.

3. Dar a coñecer os resultados da realización da auditoría detallada comprometida en acordo plenario sobre o contrato na que se avalíe a prestación de ServiSAR e nomeadamente todos aqueles asuntos relativos á organización do servizo, recursos humanos, medios materiais, axudas técnicas, calidade do servizo e seguimento.

4. Requirir que o sistema municipal de fichaxe e asistente de coordinación *cibersad* permita a identificación personalizada das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de maneira que sexa posible computar os servizos, as tarefas así como as persoas usuarias atendidas por cada unha.

MOCIÓN DE URXENCIA DE CA EN DEFENSA DOS DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS DAS MULLERES E POLA REFORMA DA LEI DO ABORTO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción de urxencia para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A saúde e os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres son dereitos humanos tal e como recolle a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Ademais, o Convenio Europeo de Dereitos Humanos (CEDH) indica que é unha responsabilidade de cada un dos Estados membros garantir estes dereitos ás mulleres. Porén, son múltiples as tentativas, accións e propostas para retroceder nestas conquistas, e sempre cuestionando os dereitos sexuais e reprodutivos e instrumentalizando a saúde para que sirva como coartada de supostos «obxectivos demográficos». Tentativas que se enmarcan dentro dun proceso, máis amplo e ambicioso, de erosión da democracia e retroceso dos dereitos das mulleres.

Os dereitos sexuais e reprodutivos están vinculados aos Dereitos Humanos e son inseparables da cuestión da democracia, mais non se trata unicamente dunha cuestión política e social, senón tamén dunha cuestión sanitaria. Neste sentido, a Organización Mundial da Saúde (OMS) recoñece a necesidade dun acceso universal á saúde sexual e reprodutiva como parte integrante do dereito á saúde. Por tanto, sería un deber dos gobernos salvagardar o acceso a uns servizos públicos de saúde capaces de garantir os dereitos sexuais e reprodutivos, como parte do dereito á saúde.

No Estado español recoñeceuse o dereito ao aborto desde 1985 e a través dunha Lei Orgánica que recollía unha serie de supostos ou xustificacións que permitían á muller acceder a este dereito, pero non de forma libre e voluntaria. Esta Lei de Supostos non foi reformada ata pasados 25 anos, e xa en 2010, ampliouse o seu alcance da norma coa vixente Lei Orgánica 2/2010 de Saúde Sexual e Reprodutiva e de Interrupción Voluntaria do Embarazo, coñecida como Lei de Prazos, que só permite o aborto da muller dependendo da semana de xestación.

Recentemente, o pasado 15 de decembro de 2022, unha maioría parlamentaria aprobou no Congreso o proxecto de reforma da actual Lei Orgánica 2/2010 de Saúde Sexual e Reprodutiva e de Interrupción Voluntaria do Embarazo procurando o aumento das garantías sanitarias, os dereitos e, en especial, a protección xurídica das mulleres que libremente escollen exercer o dereito a dispor do seu corpo e a poder interromper voluntariamente un embarazo. Un dereito básico incuestionable que é amplamente recoñecido pola sociedade en xeral e que ademais é un dos máis

defendidos e reivindicados polos movementos feministas.

Nesta necesaria reforma non se modifican os prazos pero incídese nunha cobertura máis ampla do dereito co obxectivo de que sexa a través do sistema público de saúde, e dos seus recursos, desde onde se garanta que todas as mulleres poidan exercer este dereito. Isto implica que sexan as Comunidades Autónomas as que deban garantir este dereito ao aborto nun centro público en todo o territorio. Esta reforma tamén é innovadora por recoller que as organizacións antiabortistas non poidan contar co apoio institucional ou orzamentario das administracións públicas para as súas campañas publicitarias, evitando así unha defensa velada de formas de violencia no ámbito reprodutivo como a xestación subrogada. Dous aspectos imprescindibles para garantir máis e mellores dereitos e non actuar como altofalante de quen queren subtraelo por vías institucionais ou propagandísticas.

Desgraciadamente, os gobernos dalgunhas Comunidades Autónomas dirixidas polo Partido Popular anunciaron que impulsarían barreiras e trabas nos seus sistemas públicos de saúde contra a nova Lei. Particularmente grave e preocupante está a ser o caso de Castela e León, gobernada por unha coalición entre o Partido Popular e Vox, que anunciou un “Protocolo de Atención a Mulleres Embarazadas” coa clara vocación de boicotear a nova lei do aborto. De xeito esperpéntico, o vicepresidente autonómico Juan García Gallardo falou deste protocolo indicando que se obrigaría ás mulleres a escoitar os latexos fetais, contemplar unha ecografía 4D ou mesmo acceder a un psicólogo/a sen ter que pasar primeiro por Atención Primaria. A pesar dos torpes intentos do PP de anunciar cambios neste protocolo, recoñecendo xa que non sería un requisito obrigatorio, e aínda que o persoal médico non estaría obrigado a informar do mesmo, o certo é que o seu socio de goberno, Vox, continúa a insistir na literalidade do expresado no comezo da polémica.

Xa no noso país, resulta importante lembrar que foi, precisamente, en Galicia, e con Alberto Núñez Feijóo como presidente da Xunta, onde se impulsaron importantes iniciativas lexislativas moi regresivas contra os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres. Como exemplo paradigmático, a ILP impulsada pola “Red Madre” en 2007 sobre a creación dunha rede de apoio á muller que foi a primeira norma que se tramitou no parlamento galego despois da vitoria electoral do PP no 2009. Foi finalmente a Lei 5/2010 pola que se establece e regula a Rede de apoio á muller embarazada coa que Feijóo foi pioneiro na aprobación de lexislación antiabortista co obxectivo de crear unha rede privada para condicionar a decisión das mulleres sobre a súa maternidade ao tempo que se condena moralmente a aquelas que libremente deciden interromper o embarazo. Só un ano despois, aprobouse a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, froito doutra ILP de “Red Madre” e onde se estipula que a Xunta de Galicia promoverá a “protección da maternidade”, pondo en marcha, entre outras accións, campañas de sensibilización destinadas “á protección do dereito á vida en formación”.

Así, os centros de “Red Madre”, que se constituíron como unha fundación, están presentes nas provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense, financiados pola Xunta mediante subvencións públicas, a través de liñas de axudas para mulleres vulnerables e programas de inclusión social. En total, case 300.000 euros para o funcionamento de centros dunha rede antiabortista que atopou acubillo na Xunta de Feijóo. Por outra banda, a pesar de que a interrupción do embarazo está recoñecida como un dereito, e das afirmacións habituais do goberno galego de que a lei se cumpría “absolutamente” e que os abortos se practican “con normalidade” nos hospitais galegos, o sistema mostrou fallos graves. Unha mostra moi ilustrativa destas carencias foi a sentenza, en

2016, pola que se condenou ao Servizo Galego de Saúde por pór en risco a vida dunha muller embarazada. Neste caso o xulgado condenou ao SERGAS por causa das demoras para practicarlle un aborto terapéutico a esta paciente, aborto que finalmente non se produciu até a semana 32 e nun centro de Madrid, a máis de 500 quilómetros da súa residencia na provincia de Lugo.

Non é de estrañar, pois, que a primeira reacción do actual presidente da Xunta, Alfonso Rueda, cando lle preguntaron a súa opinión sobre o protocolo antiabortista proposto en Castela e León fose a de asumir as declaracións realizadas por Alfonso Fernández Mañueco, para defender as medidas impulsadas por Vox. Unha vez comprobada a alarma social e o escándalo público que estas declaracións despertaron, o presidente Rueda foi tomando distancia coas medidas castelán leonesas. Lamentablemente, estas actitudes permisivas e cómplices dos discursos da extrema dereita, por parte de diferentes dirixentes do PP, que se teñen mostrado moi críticos coa reforma da lei do aborto, fan presaxiar que o acontecido en Castela e León poida que non sexa un caso anecdótico nin illado.

Así pois, tendo en conta todo o anterior e porque cómpre afirmar e renovar os compromisos dos poderes públicos cos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, así como para mostrar repulsa coas actitudes do Goberno de Castela e León e en defensa da reforma da Lei do Aborto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Apoiar e celebrar como unha conquista dos dereitos democráticos o contido da reforma do lei do aborto e os novos dereitos e garantías que consagra para as mulleres.
2. Urxir ao goberno local do concello de Santiago de Compostela a organizar campañas informativas sobre a nova lei do aborto que expliquen as novidades e avances da reforma da Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva.
3. Instar ao goberno galego a garantir o exercicio efectivo de todos os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres no Servizo Galego de Saúde.
4. Instar ao goberno español a implementar as medidas necesarias, mesmo xudiciais, para evitar a existencia de calquera protocolo antiabortista para as mulleres embarazadas."

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP para transparentar a xestión da "Liña Verde" o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA, 2 BNG e 1 N/A), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a que faga públicos os datos da aplicación "Liña verde" achegándoos de forma periódica á Comisión de Queixas e Suxestións e difundíndoos a través da rede, para poder coñecer e valorar a xestión que se realiza en relación con esta ferramenta colaborativa.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA para a creación dunha oficina municipal da enerxía, que promocióne as actividades enerxéticas locais e outras medidas de índole enerxético, á que presentou emenda "en voz" o grupo municipal do PP, que non foi aceptada por CA, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do

BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 2 BNG e 1 N/A) e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras correspondentes aos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (8 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda instar ao Goberno local á:

1. Impulsar a creación dunha Oficina Municipal do Clima e a Enerxía que oferte asesoramento no relativo á enerxía e subministracións.
2. Promocionar, asesorar e abrir unha liña específica de axudas económicas para a creación de proxectos enerxéticos de ámbito local.
3. Analizar a viabilidade das parcelas de propiedade municipal para emprender proxectos de xeración renovable local integral ou ben ofrecer esas superficies aos colectivos que queiran impulsar este tipo de proxectos, sen ánimo de lucro.
4. Estudar a creación dunha empresa pública municipal comercializadora de electricidade con garantía de procedencia renovable con participación público-comunitaria ou coa participación dalgunha cooperativa enerxética que xa opere no territorio galego.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA para impulsar unha nova convocatoria das residencias escénicas municipais, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do PP e do concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE, 8 PP e 1 N/A), acorda instar ao Goberno local a:

1. Publicar unha nova convocatoria de Residencias de Creación e Investigación das Artes Escénicas Municipais.
2. Facilitar e mellorar tecnicamente dúas sedes específicas para o desenvolvemento do programa de residencias: a Sala Agustín Magán (CSC de Santa Marta) e o auditorio do CSC do Romão.
3. Convocar unha Bolsa de Investigación das Artes Escénicas Municipais relacionada cos procesos de creación que fixeron parte da residencia desde o 2016 e/ou sobre o legado das compañías históricas da cidade.
4. Reforzar as actividades de mediación de proximidade coas comunidades e colectivos en risco de vulnerabilidade social de forma decisiva nas bases da nova convocatoria.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para apoiar a manifestación do 12 de febreiro en defensa da sanidade pública, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 8 PSdeG-PSOE, 5 CA e 1 N/A) e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda realizar un chamamento á poboación do noso concello a participar na manifestación do día 12 de febreiro en Compostela para salvar a Atención Primaria e o Sistema Sanitario Público Galego, en risco de desmantelamento e seguir a colaborar activamente na recollida de sinaturas promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, para conseguir a Iniciativa Lexislativa Popular para salvar e fortalecer a Atención Primaria.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para reorganizar o servizo de axuda no fogar e garantir os dereitos laborais das traballadoras, que se debate conxuntamente coa moción que figura na relación como núm. 9, relativa á mesma temática, á que presentou emenda o grupo municipal do PP que non foi aceptada polo BNG, tras ser acordada a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

1. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 8 PP, 5 CA e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, instar ao correspondente órgano do Goberno local a demandarlle á empresa do SAF a facer efectiva a zonificación e a identificación persoal no sistema de fichaxe para dar conta do labor realizado de xeito personalizado, cos obxectivos de contribuír á coordinación e de ofrecer un mellor servizo á veciñanza compostelá.

2. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 8 PP, 5 CA e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, instar ao correspondente órgano do Goberno local a dar conta dos resultados da realización da auditoría comprometida para facerlle seguimento á empresa concesionaria co fin de que cumpra o estipulado no contrato.

3. Por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do concelleiro non adscrito (2 BNG, 5 CA e 1 N/A) e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (8 PSdeG-PSOE e 8 PP), instar ao correspondente órgano do Goberno local a demandarlle á empresa do SAF que cumpra coa suba do IPC no salario das traballadoras co fin de garantir os seus dereitos laborais.

Con respecto á moción conxunta dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE para adoptar medidas de apoio para familias acolledoras de cara á protección da infancia, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Ordenar e actualizar a normativa municipal para establecer expresamente a equiparación real e efectiva, para todos os efectos administrativos, a menores en acollemento en calquera das súas modalidades -temporal, permanente, preadopción ou de urxencia- á condición de fill@ durante o tempo que @ menor se atope baixo acollemento familiar, con medidas que apoien de xeito positivo estas familias e menores.

2. Incorporar o ítem de familia acolledora ou crianza en acollida nos impresos en todas as áreas da xestión, con medidas que apoien de xeito positivo estas familias e menores.

3. Considerar as familias acolledoras de especial protección así como outro tipo de familias que teñan tamén esta consideración coa aplicación de medidas de discriminación positiva que faciliten a vida comunitaria a nivel local das persoas que acollen e as acollidas.

4. Ofrecer unha formación básica para o persoal municipal en materia de protección de menores, especialmente sobre acollemento familiar.

5. Elaborar un rexistro municipal de familias acolledoras.

6. Instar ao Parlamento español a modificar a Lei 26/2015, que regula o sistema de protección á infancia e á adolescencia, para a equiparación de dereitos para as familias de acollemento, sexa temporal, permanente, preadopción ou de urxencia.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PP para o estudo, deseño e execución dunha nova rotonda na rúa do Hórreo, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar ao correspondente órgano do Goberno a que se realice e execute un proxecto específico para a rotonda que conecta a rúa do Hórreo coa rúa San Pedro de Mezonzo, nas inmediacións da estación intermodal, no que se valore a ampliación do diámetro da rotonda, coa realización de estudos técnicos que analicen todas as posibilidades de mellora para optimizar o espazo de circulación sen comprometer a seguridade peonil. En paralelo, tamén se considera necesario proceder a unha mellora da iluminación e a un novo deseño dos carrís para facer máis segura e fluída a circulación.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PP para instar á Deputación a rematar coa maior celeridade a 1ª fase da estrada DP-7802 Roxos-Reborido e a redactar o proxecto da 2ª fase, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar á Deputación da Coruña a que se retomen coa maior urxencia posible os traballos para rematar as obras de ampliación da plataforma da estrada provincial DP-7802 entre Roxos e Fraíz e, ao mesmo tempo, que por parte do organismo provincial se remate a redacción do proxecto para a segunda fase entre Fraíz e Reborido, de apenas 1 km. de lonxitude, para completar a mellora deste estreito e sinuoso itinerario.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA sobre a reclamación do cumprimento das demandas e o acordo de condicións socio laborais das traballadoras do SAF, á que presentou emenda o grupo municipal do PP que non foi aceptada por CA, tras acordarse no decurso do debate a votación separa por puntos, o Pleno da Corporación acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, solicitar un informe á empresa de ServiSAR na que se den explicacións a respecto do incumprimento do acordo das condicións sociolaborais das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar relativas á zonificación e o nomeamento dunha persona de referencia responsable da coordinación coas traballadoras do servizo.

2. Por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 2 BNG e 1 N/A) e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (8 PSdeG-PSOE e 8 PP), solicitar un informe á empresa de ServiSAR na que se den explicacións a respecto do incumprimento no relativo a subidas de IPC, e que a información sexa cotexada e contrastada coa representación sindical das mesmas, para posteriormente tomar as medidas oportunas e solucionar as mesmas.

3. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e

1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dar a coñecer os resultados da realización da auditoría detallada comprometida en acordo plenario sobre o contrato na que se avalíe a prestación de ServiSAR e nomeadamente todos aqueles asuntos relativos á organización do servizo, recursos humanos, medios materiais, axudas técnicas, calidade do servizo e seguimento.

4. Por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 2 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, requirir que o sistema municipal de fichaxe e asistente de coordinación cibersad permita a identificación personalizada das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de maneira que sexa posible computar os servizos, as tarefas así como as persoas usuarias atendidas por cada unha.

Con respecto á moción de urxencia, presentada polo grupo municipal de CA en defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e pola reforma da lei do aborto, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 N/A), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Apoiar e celebrar como unha conquista dos dereitos democráticos o contido da reforma do lei do aborto e os novos dereitos e garantías que consagra para as mulleres.

2. Urxir ao goberno local do concello de Santiago de Compostela a organizar campañas informativas sobre a nova lei do aborto que expliquen as novidades e avances da reforma da Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva.

3. Instar ao goberno galego a garantir o exercicio efectivo de todos os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres no Servizo Galego de Saúde.

4. Instar ao goberno español a implementar as medidas necesarias, mesmo xudiciais, para evitar a existencia de calquera protocolo antiabortista para as mulleres embarazadas.

O Alcalde pecha a sesión ás 19:25 horas. Dou fe.